

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000010.**

**Excm. Sra. D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **13 de marzo de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 7, 14, 21 E 28 DE FEBREIRO DE 2024.

**ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE**

**XESTIÓN URBANÍSTICA**

2. PROXECTO DE ACTUACIÓNS PARA REDUCIR O RISCO DE INUNDACIÓNS DO RÍO RATO NA CONTORNA DA GLORIETA DA RÚA SERRA DE MEIRA T.M. DE LUGO. APROBACIÓN INICIAL.

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO NA AVDA. DA CORUÑA, NÚMERO 35, RÚA CONCEPCIÓN ARENAL, NÚMERO 8-10, E RÚA ESQUECEMENTO (EXP. 2022/Y001/000260).

**ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**FACENDA LOCAL**

4. RECTIFICACIÓN DE ERROS NO ACORDO 4/45, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DO 21.02.2024, RELATIVO Á REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. RENUNCIA Á LICENZA URBANÍSTICA, PROCEDEMENTO 45/2019, PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO NA AVENIDA ADOLFO SUÁREZ, 42.

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

5. CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO CON MOTIVO DA

**ACTAS E GOBERNO**

JDR/arm

Refº: ispac8134025435484360153.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-3-2024

CELEBRACIÓN NO CONCELLO DE LUGO DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MOTOCROSS (EXP. 2024-C005-000001). ADXUDICACIÓN.

6. CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DE LICENZAS DO SISTEMA DE CITA PREVIA E MANTEMENTO DO SISTEMA DE XESTIÓN DE COLAS. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN (EXP. REF. 2024/C004/000005).

7. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS CONSISTENTE NO ALUGUEIRO DE MÁQUINA DE LIMPEZA DE PEZAS DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS E RETIRADA E RECICLADO DE DISOLVENTE (LOTE 1) E ALUGUEIRO DE CONTEDORES ESPECÍFICOS E TRANSPORTE E RETIRADA DE RESIDUOS (LOTE 2). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN (EXP. REF. 2024-C004-000006).

8. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS (MECÁNICA PARA VEHÍCULOS DE OBRAS, SERVIZOS E DÚMPERS). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN (EXP. REF. 2024/C003/000010).

9. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN NO CENTRO SOCIAL E CULTURAL DO VELLO CÁRCERE (EXP. REF 2018-15). PRÓRROGA POLO PERÍODO NECESARIO PARA A TRAMITACIÓN DUN NOVO PREGO E SINATURA DUN NOVO CONTRATO OU ATA O 6 DE MAIO DE 2024 (TECOL 2020/C003/000022).

10. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN (EXP. REF. 2024/C003/000006).

11. CONTRATACIÓN DA OBRA "CORAZÓN VERDE ENTRE MURALLAS: PRAZA DE FERROL" (EXP. REF.: 2022-C002-000025. CÓDIGO PROXECTO: 22MRRXX24100). PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - NEXT GENERATION EU. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

ADMINISTRATIVO.

### FOMENTO

12. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE EMPRESA MONFORTE, S.A.U., PARA A CELEBRACIÓN DO ARDE LUCUS 2024.

### PERSOAL

13. PROPOSTA DE ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS COMO CABO BOMBEIRO DO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO (SPEIS).

14. PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2022).

15. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE PSICÓLOGO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023).

16. MODIFICACIÓN DO ACORDO 13/54 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DO 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023).

### ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

#### DESENVOLVEMENTO LOCAL

17. RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN - SELECCIÓN DE PERSOAL DO O.E. ARQUIVALUGO.

#### MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

#### ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día

**ACTAS E GOBERNO**

JDR/arm

Refº: ispac8134025435484360153.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-3-2024

atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.**